


# *CAMBÍOS SOCIAIS NO SXX*

## *O MOVIMENTO OBREIRO*




A Folga (Koehler)

# CAMBIOS SOCIAIS SXIX




# A cidade

Poboación Urbana ( 1800 – 1911 )



**Centros urbanos con máis de 5.000 habitantes  
Gran Bretaña**



*Revolución demográfica + Éxodo Rural =  
man de obra industrial*



*Crecemento dos centros urbanos*

Escenario confrontación  
Burguesía - Obreiros

2 modelos

Cidade Industrial

Crecemento  
antigas cidades

Necesidade de planificación urbanística:

- Servizos públicos: cloacas, auga potable, parques,...
- Transportes: tranvía, metro ( Londres 1863 )
- Cultura: teatro, museos, ...



# A sociedade de clases

## Burguesía

- Poder económico → capitalismo
- Poder político → liberalismo, sufraxio censitario
- As clases burguesas:
  - Alta burguesía: industriais, banqueiros,... Ex: Thyssen, Krupp, Rothschild,...
  - Clases medias: pequenos comerciantes, profesionais liberais, técnicos,...



## A clase traballadora: proletariado

- Clase urbana
- Salario coma único ingreso: inseguridade
- Pésimas condicións de traballo: salarios baixos, moitas horas ( ata 15 diarias ),...
- Condicións de vida : “ Para un obreiro vivir é non morrer “ ( Médico francés 1825 )
  - Barrios obreiros insalubres e sen servizos mínimos.
  - Pobreza e miseria.
  - Deficiente dieta alimenticia: 70% procedente de fariña e pataca.



## Nobleza

- Perde os seus privilexios
- Mantén prestixio social e poder económico.
- Progresiva unión coa burguesía.



## Campesiñado

- Maioría da poboación.
- Desparación da servidume: entre 1789 ( Rev. Francesa ) e 181 ( Rusia )
- Éxodo rural cara ás cidades: man de obra sen cualificar e mal pagada.
- 2 realidades:
  - Propietarios
  - Xornaleiros

# A sociedade de clases

## *A vida e o traballo obreiro*

### O TRABALLO INFANTIL

"Traballo n pozo de Gawber. Non é moi cansado, pero traballo sen luz e paso medo.

Vou ás catro e ás veces ás tres e media da mañán,  
e saio ás cinco e media da tarde.

No durmo nunca. Ás veces canto cando hai luz,  
pero non na oscuridade, entón non me atrevo a cantar.

Non me gusta estar no pozo. Estou medio dormida ás veces cando vou pola mañán.

Vou a escola os domingos e aprendo a ler. (...) Ensíname a rezar (...)

Oín falar de Xesucristo moitas veces.

Non sei por que veu á Terra e non sei por que morreu,  
pero sei que descansaba a súa cabeza sobre pedras.

Prefiro, de lonxe, ir á escola que estar na mina."

Sarah Gooder( 8 anos )

Testemuña recollida pola Comisión Ashley para o estudo da situación nas minas, 1842



# *A sociedade de clases*

## *A vida e o traballo obreiro*

### AS CONDICIÓN SANITARIAS NAS FÁBRICAS

"Tiven frecuentes oportunidades de ver xente saindo das fábricas e ocasionalmente atendelos coma pacientes. O pasado verán visitei tres fábricas algodoneiras co Dr. Clough de Preston e co Sr. Baker de Manchester e non fumos quen de permanecer dez minutos na fábrica sen empezar a xadear pola falta de aire.

¿Como é posible que quen está condenados a permanecer aí doce ou catorce horas o soporten?

Si temos en conta a temperatura do aire e a súa contaminación, non podo chegar a concebir como os traballadores poden soportar o confinamento durante tan longo periodo de tempo."

Declaracións efectuados polo Dr. Ward de Manchester nunha investigación sobre a saúde nas fábricas textiles en marzo de 1.819



# A sociedade de clases

## *A vida e o traballo obreiro*



"Non teño máis roupa ca do meu traballo:  
algúns pantalóns e unha chaqueta rota...

Arrastro as vagonetas baixo terra ao longo de media legua,  
ida e volta. Arrástroas durante once horas  
diarias coa axuda dunha cadea atada á miña cintura.

As feridas que teño na cabeza fíxenas  
descargando vagonetas. Os homes do equipo  
ó que estou atado traballan espidos, salvo o casco na cabeza.  
Algunhas veces cando non son rápido, péganme."

Manifestacións dun neno traballador de doce anos.  
Extraído de LAZO, A. Revolucións do mundo moderno.

# O movemento obreiro. As orixes

## Ludismo (1800 - 30)



**Destrucción  
das  
máquinas**



## As primeiras asociacións obreiras

• Prohibidas polas  
Combinations acts (1799-1800)

• 1824: Dereito de asociación e reunión:

- **Trade Unions**
- **Asociacións de Resistencia e Socorro Mutuo**
- Loita polas condicións salariais e Laborais.
- Dereito de folga



## Cartismo: a loita política (1838-48)

**Obxectivos:**

**Dereitos políticos para os obreiros**

**1838: People's Chart**

Sufraxio universal ( masculino )

Voto secreto

Carácter elexible dos non propietarios.


Soldo para os deputados

( posibilitariase así o acceso dos obreiros á política )

Demostra a Importancia:

Conciencia obreira

Movemento obreiro organizado



# *O movemento obreiro. As orixes*

A invención e o uso da máquina de cardar lá, que ten coma consecuencia reducir a man de obra da forma máis inquietante produce (nos artesáns) o temor serio e xustificado de converterse, eles e as súas familias, nunha pesada carga para o Estado. Constatan que unha soa máquina, manexada por un adulto e mantida por cinco ou seis nenos realiza tanto traballo coma trinta homes traballando a man segúndo o método antigo (...).

A introducción da devandita máquina terá como efecto case inmediato privar dos seus medios de vida a gran parte dos artesáns. Todos os negocios serán acaparados por uns poucos empresarios poderosos e ricos (...). As máquinas cuxo uso os peticionarios lamentan multiplícanse rapidamente por todo o reino e fan sentir xa con crueldade os seus efectos: “moitos de nós estamos xa sen traballo e sen pan”.

**Extraído do Diario da Cámara dos Comúns, 1794**

## *O movemento obreiro. As orixes*

**«Na tarde do venres, arredor das catro, un numeroso grupo de revoltosos atacou a fábrica de tecidos pertencentes aos señores Wroe e Duncroft, en West Houghton (...), e, atopándoa desprotexida, pronto se apoderaron dela. Inmediatamente a incendiaron e todo o edificio coa súa valiosa maquinaria, tecidos, etc., foi completamente destruído. Os danos ocasionados son inmensos, costara a fábrica soa 6.000 libras.**

**A razón aducida para xustificar este acto horrible é, coma en Middleton, o "tecido a vapor". A causa deste espantoso suceso, dúas respetabeis familias sufriron un dano grave e irreparable e un gran número de pobres quedaron sen emprego. Os revoltosos parecen dirixir a súa vinganza contra toda clase de adiantos nas maquinarias. ¡Que errados están! ¿Qué sería deste país sen tales adiantos?»**

**Annual Register, 26 de abril de 1812.**

# Socialismo Utópico (1815 - 48)

## Idealistas e utópicos

### Obxectivos

- Ofrecer **modelos socio-políticos alternativos á realidade da industrialización do S XIX** (inxustiza social e miseria obreira), con influencia de ideas da Ilustración coma progreso e harmonía social, igualdade e romanticismo.
  - Perseguir a **dignidade do individuo** e a solidariedade colectiva.
  - Usar medios pacíficos: **contrarios á revolución**



**Robert Owen**  
1771-1858

Organización de **coopertivas**:  
Educación dos nenos, aumento  
de salarios, redución  
da xornada  
laboral, incentivos,...



**Saint-Simon**  
1760 - 1825

Superar o enfrontamento social  
proporcionando benestar  
ó maior número  
posible de persoas.  
Medios: desenvolvemento económico



**Proudhon**  
1809-65

A propiedade privada  
é a orixe da desigualdade  
e rexeita o Estado  
coma institución  
( **precursor do anarquismo** )



**Fourier**  
1772-1837

Creación dos **falansterios**  
( agrupacións comunitarias  
onde a propiedade era  
colectiva e todos os membros  
–homes e mulleres –  
compartían os labores.

### **Liga dos Comunistas ( 1847 ):**

co obxectivo da abolición da propiedade privada : Karl Marx e Friedrich Engels.

# Marxismo: o Socialismo Científico

K.Marx  
1818-83



K.Marx e F. Engels

*Manifesto Comunista*  
(1848)

*O Capital*



F. Engels  
1820-95

## Teorías socialistas

elaboradas a partir dunha análise da realidade económica e do enfrontamento de clases:

### *Loita de Clases*

“ A historia de toda sociedade ata os nosos días é a historia da loita de clases”



As relacións de produción (o xeito de producir mercadorías) determina o lugar de cada clase na sociedade.



Relacións sociais en cada modo de produción:

Loita opresores – oprimidos :




Escravismo: libres ↔ escravos

Feudalismo: nobres ↔ servos

**Capitalismo: burguesía ↔ proletariado**

**Dictadura do proletariado**



**Sociedade sen clases**

**“Proletarios do mundo, unidevos!”**



Necesidade dunha organización e a acción política dos traballadores



Partido político propio



Partidos Socialistas e Comunistas

# Marxismo: o Socialismo Científico

**“Toda a historia da sociedade humana, ata o día, é unha historia de loita de clases. Libres e escravos, patricios e plebeos, baróns e servos da gleba, mestres e oficiais; nunha palabra, opresores e oprimidos, fronte a fronte sempre, empeñados nunha loita ininterrompida, velada unhas veces, e outras franca e aberta.”**

**“A moderna sociedade burguesa, que se alza sobre as ruínas da sociedade feudal, o que fixo foi crear novas clases, novas condicións de opresión, que viñeron a substituír ás antigas (...) Hoxe, toda a sociedade tende a separarse, cada vez máis abertamente, en dous grandes campos inimigos: a burguesía e o proletariado”.**

**“O traballador convértese en obreiro cando vende a súa forza de traballo a outro chamado patrón, o capitalista, posuídor dos medios de produción y o capital necesario para que produzan. É dicir, o desenvolvemento da sociedade capitalista levará á creación da clase obreira.”**

K. Marx e F. Engels. “Manifesto Comunista” (1848 )

---

**“(..) A ditadura de clase do proletariado coma punto de transición necesario para chegar á supresión das diferencias de clase, á supresión de todo o réxime de produción sobre o cal repousan estas, á supresión de todas as relacións sociais que corresponden a este réxime de produción, ao trastocamento de todas as ideas que emanan destas relacións sociais.”**

Marx. “A loita de clases en Francia de 1848 a 1850” ( 1850 )

---


**“A clase traballadora substituirá, no curso do seu desenvolvemento, á antiga sociedade civil por unha asociación que excluírá ás clases e o seu antagonismo; e non haberá xa poder político propiamente dito, xa que o poder político é precisamente o resume oficial do antagonismo na sociedade civil.”**

Marx. Miseria da Filosofía ( 1,847 )

# Anarquismo: Bakunin (1814-76)



Características:



**ANARQUÍA**



**Liberdade individual**

no marco dunha sociedade solidaria.

**Colectivización dos medios de producción** ( industrias, terras, capital,...)

**Rexeitan a organización centralizada e xerárquica,  
a acción política e calquera forma de Estado.**

**Insurrección obreira revolucionaria de carácter espontáneo,  
co resultado da eliminación do Estado  
e creación dunha libre federación de colectividades  
( comunas )**

**Base non só obreira industrial, senon tamén campesiña, estudiantil,...**

# *Anarquismo: Bakunin (1814-76)*

O noso programa socialista esixe e debe esixir irrenunciabilmente:

1. A igualdade política, económica e social de todas as clases e todos os pobos da terra.
2. A abolición da propiedade hereditaria.
3. A apropiación da terra polas asociacións agrícolas, e do capital e de todos os medios de produción polas asociacións industriais.
4. A abolición do ordenamento xurídico da familia patriarcal, baseado exclusivamente no dereito a herdar a propiedade, e así como a equiparación dos dereitos políticos, económicos e sociais do home e da muller.
5. A crianza e educación dos nenos de ambos sexos ata a súa maioría de idade, entendéndose que a formación científica e técnica, na que se inclúen os niveis máis altos de formación, será igual e obligatoria para todos. A escola reemplazará á igrexa e fará innecesarios os códigos penais, os policía, os castigos, a prisión e os verdugos.

M. Bakunin. Os fundamentos económicos e sociais do anarquismo.

**"Nós, produtores asociados, non temos necesidade do Estado. (...) Non queremos máis goberno do home sobre o home, nin máis explotación do home polo home. Queremos que as minas, os canais, os ferrocarrís sexan entregados ás asociacións obreiras e queremos que estas asociacións sexan unha gran federación, unidas polo vínculo común da república democrática e social. Existe o mutualismo cando nunha industria os obreiros, en lugar de traballar para un empresario que lles paga e se garda a súa produción, traballan os uns para os outros e comparten unha produción común, da cal se reparten os beneficios."**

Proudhon, P. J., Idea xeral da Revolución.

## A Revolución de 1848



**Movemento revolucionario e democrático radical:**



Sufraxio universal ( masculino )

Soberanía popular

Igualdade social.

Dereitos sociais

Confrontación aberta  
obreiros – burguesía



**Fracaso → reflexión:**



Na burguesía.

Necesidade dunha república burguesa  
que fose asumindo  
as reivindicacións obreiras.

Nos obreiros:  
novas perspectivas : a AIT

## A I Internacional:

a A.I.T.



1864: Fundación da  
**Asociación Internacional de Traballadores**



Obxectivo:

•Organización da clase obreira  
e a súa participación na loita política.

•Concienciación obreira de pertencer  
a unha clase diferenciada.  
( Congreso de Basilea - 1869 )

confrontación marxismo – anarquismo

Marxistas:

Folga

Participación política con partidos obreiros.  
Lexislacion laboral:  
xornada de 8 horas e  
supresión do traballo infantil.

Anarquistas:

Rexeita a participación política  
Defende a insurrección espontánea  
e xeral das masas  
coma medio para destruír a  
orde e estado burgueses.

## A Comuna de París (marzo - maio 1871)

Primeira experiencia  
de goberno obreiro e popular:  
**revolución socialista e  
democrática.**

Goberno:  
assemblea comunal  
( **Comuna de París** ):  
reformas sociais radicais.

Represión durísima  
( 17.000 fusilados, 40.000  
detidos )

**Congreso da AIT en A Haia ( 1872 ):**

Marx: derrota debida á falta de  
organización e dun  
programa político claro.

Bakunin: destacaron o  
carácter popular e espontáneo

Resultado:  
expulsión dos anarquistas da AIT

**Congreso de Nova York ( 1876 ):  
disolución da AIT,**

## Partidos Socialistas

Último ¼ SXIX:



Aumento da clase obreira

Fracaso da AIT

Formación partidos socialistas

Progresiva democratización.

1875-1914:



partidos  
socialistas – marxistas  
en toda Europa:

1879: SPD (Alemaña)

1879: PSOE

1906: Partido Laborista (GB)

## A II Internacional (París - 1889)



Homoxeneidade ideolóxica:

Federación de partidos socialistas con exclusión do anarquismo.

Aceptación do sistema democrático

1 de maio 1890 ( Día dos Traballadores):  
reivindicación da xornada de 8 horas.

Diferenzas ideolóxicas e políticas:

Socialismo  
revolucionario

( levaría á Revolución  
Rusa de 1917):

comunismo

( Levará á fundación do  
Komintern ou  
III Internacional )

Socialdemocracia

( E. Berstein, 1850-  
1932):

política reformista  
e de participación no  
sistema democrático  
parlamentario,

avalado polas  
progresivas  
conquistas do  
movemento obreiro  
no último ¼ do SXIX.